

CURSO 2010-2011 NOVAS PROPOSTAS DENTRO DO PROGRAMA PROA NO IES A XUNQUEIRA I

PROA: Programa de Reforzo, Orientación e Apoio ao alumnado de ESO

Este programa existe por iniciativa do Ministerio de Educación y Ciencia do Estado e está financiado en convenio coas diferentes Comunidades Autónomas; vai dirixido ao alumnado dos primeiros cursos de ESO, coa finalidade de mellorar o rendemento escolar e a formación integral do alumnado.

Participan deste programa aqueles centros que o solicitan e, que despois da entrega dunha Memoria Anual, son autorizados a continuar(na cidade de Pontevedra, só dous IES, Xunqueira I e Luis Seoane)

Pódense escoller diferentes liñas de actuación, segundo as características e as necesidades de cada centro; no IES A Xunqueira I, este é o sexto ano que partipamos no PROA e imos renovando os enfoques, buscando os máis axeitados ao noso alumnado.

Desde o pasado curso centramos os nosos esforzos na mellora dos seguintes aspectos:

A Biblioteca escolar.

A Convivencia escolar

A Colaboración das familias e o centro escolar.

As Actividades extraescolares.

É neste último apartado onde estamos incorporando máis novidades tales como unha ampla oferta de **clases de música gratuitas** polas tardes, fora do horario lectivo, de luns a venres, dos seguintes instrumentos: **piano; guitarra española, eléctrica e baixo; saxo; batería; frauta barroca, gaita e zanfona; e ademais coro.** Todas elas cun seguimento maior cada ano por parte do alumnado, e que ten como resultado a orquestra e o coro do noso instituto de máis de 80 persoas.

Outra das actividades ofertada polas tardes é o chamado **Apoio ao estudo ou Estudo asistido**, no que grazas a colaboración do noso alumnado de Bacharelato e do Ciclo superior de Educación Infantil, alumnos e alumnas de 1º e 2º de ESO, realizan as

súas tarefas e organizan o estudo, os martes e xoves de 16,30 a 18,30 horas. Esta actividade comezou o pasado ano, e os bos resultados, aconsellan continuar con ela.

Finalmente, e como novidade, este curso iniciamos unhas **Actividades físicas e de mantemento** para aquel alumnado con carencia de exercicio físico e sobrepeso, diagnosticado polo profesorado de Educación Física, despois de ter realizado algunhas probas e estudos do peso e medidas do alumnado. Esta actividade vai acompañada de información ás familias acerca de bos hábitos de vida e alimentación.

Con estas propostas cremos que o noso alumnado pode mellorar, tal e como dicíamos ao comezo, **o rendemento académico e a súa formación integral como persoa**, ademais de contibuir a algo tan importante como son **as habilidades sociais**.

Todas estas actividades están coordinadas pola profesora Luisa Sánchez.